

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2023

A/A do/a DIRECTOR/A

Por medio da presente queremos solicitar a súa colaboración para que informe entre o seu colectivo escolar dos **CAMPAMENTOS DEPORTIVOS VERÁN 2023** que organiza a Deputación da Coruña a partir do 2 de xullo, e ao longo de catro quendas.

Para este ano, o Concello de Santiago de Compostela conta con **18 prazas** para a **3ª quenda (do 16 ao 21 de xullo)** na que poderán participar as rapazas e rapaces empadroados en Santiago, con idades entre 9 e 14 anos xa cumpridos (nados entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 31 de decembro de 2014).

Para poder acceder ás prazas do Concello de Santiago haberá que estar empadroado (farase a oportuna comprobación no padrón de habitantes) e presentar a seguinte documentación:

- Ficha de inscrición debidamente cuberta e **asinada polo pai e a nai**, ou de ser o caso, polo titor.
- Fotocopia do carnet de identidade ou libro de familia
- Copia do aboamento da cota de inscrición 85 € (cando a praza estea confirmada e no número de conta dado pola Deputación e publicado na súa web).
- No caso de que o/a neno/a tivese tratamento ou doenza que teñan que ser tidos en conta, axuntarase certificado médico asinado por facultativo/a. De igual xeito, no caso de medicación específica ou alerxia alimentaria ou doutro tipo.

Esta documentación poderá presentarse:

- Na sede electrónica do Concello de Santiago (sede.santiagodecompostela.gal) no trámite "Inscrición en actividades"
- No Rexistro Xeral do Concello (de 9,00 a 13,00 h.)

A ficha de inscrición está dispoñible en internet:

- www.dacoruna.gal/deportes
- www.santiagodecompostela.gal
- www.deportes.santiagodecompostela.gal

A data límite de presentación de inscricións remata o 7 de xuño de 2023.

Terán preferencia os/as rapaces/as que non participasen nos campamentos deportivos de verán da Deputación en edicións anteriores.

No suposto de ter máis solicitudes que número de prazas concedidas pola Deputación, realizarase, entre o 8 e o 14 de xuño, un sorteo público diante do Secretario do Concello para adxudicar as prazas.

Máis información:

Departamento Municipal de Deportes: 981 52 87 30

Web da Deputación da Coruña: www.dacoruna.gal/deportes

Agradecemos de antemán a súa colaboración